

FORMACIÓN



Ética con menores

TELEFORMACIÓN 20 h.

outubro 2021

2001-2021
20 anos construíndo profesión
ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Presentación

Formúlase este curso partindo da necesaria autoreflexión sobre o trato que proporcionamos cara nós mesmas/os e cara o noso colectivo profesional, cun afán de protexer, guiar e mellorar.

O debate arredor dos centros de protección e reforma de menores relacionado coa súa ética profesional e moral crea bastantes discrepancias, e este curso pretende abrir a posibilidade do debate cordial, desmitificando prexuízos e crenzas entorno ao labor das/os Educadoras/es Sociais nos eidos da Infancia e Adolescencia, o trato e a calidade das nosas intervencións, tendo en conta o noso código deontolóxico e os dereitos universais de mozas e mozos.

Tendo como valores de fondo o traballo en equipo, a necesidade de apoio mutuo e o autocoidado persoal e profesional, esta formación pretende dotarnos de recursos, dinámicas e estratexias para afrontar situacións conflitivas que se poden dar na relación directa coas mozas e mozos, dende o seu dereito de intimidade, confidencialidade ata de ocio e tempo libre. Plantexaranse situacións de traballo, analizando as condicións e actuacións para comprender as consecuencias das nosas accións ao traballar con persoas menores de idade.

Obxectivos

XERAIS

- Promover relacións de respecto e trato igualitario e comprensivo tanto co equipo de traballo como cos mozos e mozas.
- Desenvolver unha comunicación transparente e un bo desempeño profesional/persoal.
- Evitar accións que afecten á sa convivencia cos mozos e mozas.
- Desenvolver estratexias de afrontamento de conflitos cos/as mozos/as.
- Aplicar os principios éticos no noso labor profesional.

ESPECÍFICOS

- Identificar e regular as emocións persoais e o autocoidado.
- Debater de forma racional problemas éticos, valorando sempre o diálogo, como medio para a superación de conflitos.
- Elaborar xuízos morais de valor recoñecendo o problema da xustificación de normas, valores e principios de actuación.
- Exercitarse, meditar e imaxinar como tomar medidas para resolver ou diminuír conflitos.
- Mostrar actitudes de rexeitamento cara todo tipo de inxustizas e actitudes a favor do compromiso.

Contidos

CARACTERÍSTICAS DO/A BO/A EDUCADOR/A SOCIAL

CÓDIGO DEONTOLÓXICO

PRINCIPIOS ÉTICOS CON MOCIDADE

O/a Educador/a Social en relación cos/as suxeitos da acción socioeducativa.

EDUCACIÓN EMOCIONAL

Como nos relacionamos cos/as mozos/as?

Pautas sobre Educación Emocional.

Regulación Emocional.

Coidar ao/á Educador/a social? Quen coida a quen?

Vocación / Ikigai

Esgotamento Emocional

Trauma Vicario

Autocoidado

CONFLICTOS ÉTICOS CON MENORES

ESTILOS EDUCATIVOS

Que é mellor: ter Autoridade ou ter Poder?

PAUTAS DE COMUNICACIÓN

Os Meus Vínculos

ESTRATEGIAS e FERRAMENTAS

RECURSOS

Duración e datas

O curso ten unha carga lectiva de **20 h.**

Realizarase a través de videoconferencia grupal.

15 de outubro (venres): de 10:00 a 14:00 h.

16 de outubro (sábado): de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h.

22 de outubro (venres): de 10:00 a 14:00 h.

23 de outubro (sábado): de 10:00 a 14:00 h.

Persoas destinatarias

- Profesionais de Educación Social que traballen ou teñan interese no ámbito da infancia e adolescencia; tamén poden participar profesionais doutras disciplinas que desenvolvan o seu labor neste ámbito.
- Estudantes de Educación Social ou titulacións relacionadas coa atención á infancia.

Docente



María Quintas Sotelo

Educadora social. Colex. nº 3941

Diplomada en Educación Social e Graduada en Psicoloxía.

No ano 2010 iniciou a súa traxectoria de traballo no eido da protección á infancia, en centros de menores.

Actualmente traballa nun colexio, con infancia e adolescencia con necesidades educativas específicas e desenvolvendo programas de resolución de conflitos, mediación e convivencia no eido da FP. Tamén presta servizos en Tear (Gabinete de Psicoloxía, Educación Social, Logopedia e Nutrición) e colabora coa asociación enCÁN-tame de intervención asistida con cans.

En constante aprendizaxe persoal e profesional.

Inscripcións

Cotas

- Colexiadas/os* en activo: **50 €**
- Colexiadas/os* en desemprego: **40 €**
- Estudantes Amigas/os do Ceesg*: **40 €**
- Outras situacións: **75 €**

*Admítese colexiación no Ceesg ou en colexio profesional de Educación Social doutras comunidades autónomas. Tamén se admiten como análogos a 'Amigas/os do Ceesg' as figuras similares que existan nesoutros colexios profesionais.

Nº conta ES41 - 0081 - 0499 - 6100 - 0104 - 6708 (Banco Sabadell)

Prazo

Ata o **7 de outubro** de 2021 ou completar prazos.

Procedemento

Cubrir o formulario de inscrición habilitado na web do Ceesg.

A confirmación de admisións comezase a partir de setembro.

Normativa

Consulta as normas da formación do Ceesg na [web do Ceesg](#)



ceesg.gal | 981.552.206